# MONDOÑEDO NA MEMORIA

Ano 3

Mondoñedo, outubro de 2022

Edita: **Antonio Reigosa** | Textos, fotografías e imaxes: **autores e fontes que se citan** | Deseño da cabeceira: **Xosé Vizoso** | Deseño: **Diego Núñez** | Depósito Legal: **LU 62-2020**
ISSN: **2660-8324** | Imprime: **Imp. Suc. de Mancebo** | Colaboran neste número **Fernando López, Suso Robles e Antonio Reigosa.**

Núm. 3

# 1870-2020
# De H. Mancebo a Suc. de Mancebo. 150 anos imprimindo en Mondoñedo

## EDICIÓN CONMEMORATIVA DOS 150 ANOS ININTERROMPIDOS DA IMPRENTA MANCEBO EN MONDOÑEDO

Relembramos ao seu fundador, Hermenegildo Mancebo, aos sucesores, Edesio Mancebo, Jesús López e Fernando López, quen, xunto co meritorio labor de ducias de operarios, fixeron posible este prodixio. Celebramos así mesmo os máis de 525 anos de historia da imprenta na nosa cidade e a creación do Centro de Interpretación da Imprenta.

O nome Mancebo honra o oficio dos impresores e confire gloria e esplendor á cidade de Mondoñedo.




Xosé Vizoso (Mondoñedo, 1950), Fillo Predilecto de Mondoñedo, goza dun enorme prestixio como ilustrador, debuxante, cartelista, muralista, caricaturista e deseñador da fábrica de cerámica de Sargadelos.

## A INVENCIÓN DA IMPRENTA

Primeiro foi o libro e despois a imprenta, pero o libro non sería máis ca un obxecto reservado ás elites se a imprenta non chegase a existir. Sen a invención deste mecanismo, a difusión do coñecemento estaría reservada a uns poucos, como sucedía na Idade Media e como sempre sucede nos tempos escuros.

A invención da imprenta supuxo unha revolución que contribuíu a democratizar a difusión do coñecemento e que, como consecuencia, posibilitou a liberación do escravismo da ignorancia para as clases máis humildes.

Non sabemos con exactitude quen, nin cando, nin sequera onde se inventou a imprenta. Imprimir ou estampar por diferentes métodos xa o sabían facer na Antigüidade moitos pobos como os chineses que xa o facían sobre papel con métodos parecidos desde polo menos mil anos antes de Cristo.

A imprenta europea moderna, a de tipos móbiles, tal e como hoxe a coñecemos, nace a principios do século XV. A gloria da ocorrencia, como insisten en dicirnos os manuais e breviarios da historia da imprenta, correspóndelle a Gutemberg, un gravador de moedas que na Maguncia do ano 1450 cun modesto molde de madeira, un cilindro e tinta, puxo fin á profesión de copista e inaugurou a difusión masiva en múltiples exemplares de textos reproducidos cada vez máis rápido e mellor, a prezos progresivamente cada vez máis accesibles e ao alcance de case todas as clases sociais.

Desde aquela máquina de prensar uvas na que se di que experimentou Johan Gutemberg de forma artesanal ata a actualidade sucedéronse, ademais de moitos anos, moitas melloras técnicas e métodos de imprimir, pero, no esencial, sempre se fixo de maneira moi parecida.

A máquina chamada «prensa» ou «prelo» sempre precisou da pericia dun especialista que dominase a arte de estampar. Un vello oficio que permaneceu case 600 anos inalterable, unha profesión que provocaba, segundo afirmaron repetidamente os propios impresores, alta adicción, seguramente provocada polo olor da tinta ou polo do papel acabado de imprimir e o das colas e demais ingredientes que se precisan para completar os traballos de impresión e encadernación.

## A IMPRENTA EN MONDOÑEDO

A orixe da imprenta en Mondoñedo está vencellada ao incunable *Breve forma de confesión*, obra escrita en castelán por Alonso de Madrigal, *O Tostado*, «en villa mayor de Mondoñedo» antes do ano 1500.

**O incunable de Mondoñedo**

Incunables díselles ás obras impresas entre a invención da imprenta por Gutenberg a mediados do século XV e os comenzos do século XVI.

O primeiro investigador que deu noticia sobre a existencia deste incunable mindoniense foi o bibliófilo alemán Konrad Haebler en 1923: o *Confesional ou Breve forma de Confesión* da autoría de Alonso de Madrigal, *O Tostado*, impreso non sabemos por quen por primeira vez «en villa mayor de Mondoñedo» en 1495 foi escrito seguramente na primeira metade do século XV. O único exemplar que se coñece atópase na Biblioteca e Arquivo Distrital de Évora (Portugal), un paraíso que conserva 661 incunables. **[Continúa na páxina 2.]**




O incunable de Mondoñedo




Alonso de Madrigal, «O Tostado»



Libro de horas




Descrición do Reino de Galicia

Trátase dun breviario confesional en castelán para instrución dos fieis cuxos contidos tratan dos sete pecados capitais, os dez mandamentos, os cinco sentidos e obras de misericordia. O orixinal puido levalo a Mondoñedo desde Ávila o bispo Alonso Suárez de la Fuente del Sauce, quen apenas permaneceu tres anos anos en Mondoñedo e despois, tamén por pouco tempo, foi bispo de Lugo. Alonso Suárez era de Ávila, como O Tostado, e nese período o cabido mindoniense contratou co impresor aveciñado en Iruña, Arnau Guillerme, varios traballos. Como curiosidade, o corpo deste bispo permaneceu insepulto na catedral de Xaén 480 anos por mor dun conflito entre familiares e o cabido... pero esta é historia colateral.

Alonso de Madrigal era Mestre en Artes e Bacharel en Teoloxía, home de mediana estatura, corpo espeso, cabeza grande, pescozo curto... Natural de Madrigal de las Altas Torres, profesor en Salamanca con fama de douto e sabio en varias artes, foi bispo de Ávila, cidade onde morreu en 1455.

Para investigadores como Luis Cochón este incunable mindoniense constitúe «o máis sorprendente e estraño de todos os incunables de Galicia» por varios motivos, entre eles polo uso dunha tipografía arcaica sen paralelos coñecidos. Ninguén sabía del ata que Haebler o deu a coñecer na súa *Geschichte des Spanischen Frühdruckes in Stammbaumen* (Leipzig, 1923). O libreiro e bibliógrafo Francisco Vindel (fillo de Pedro Vindel) redescúbreo segundo publica en *El arte tipográfico en España en el siglo XV (1945-51)*, crendo ser o el o primeiro en dar a nova.

Nin foi esta a única edición do *Confesional*, nin a primeira obra impresa das moitas producidas polo Tostado, un home ben considerado e con sona de prolífico que deu orixe ao dito «Escribe más que El Tostado».

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia editou esta obra en facsímile en 1995, dentro da colección Bibliofilia de Galicia, precedida dun estudo preliminar ben instrutivo de Ignacio Cabano Vázquez e do cóengo mindoniense José María Díaz Fernández.

Engadamos que na biblioteca do Seminario Santa Catarina de Mondoñedo custódianse 22 incunables, catalogados e publicados por Darío Balea en *Estudios Mindonienses*, núm. 1.

**Nicolás Tierry**

Non sabemos se o impresor Nicolás Tierry (de orixe francesa, nacido en Metz) chegou a exercer o oficio en Mondoñedo. De confirmarse esta hipótese de Ofelia Rey Castelao, este impresor comezaría a exercer na nosa cidade aló polo ano 1534. Tierry procedía de Valladolid, cidade na que imprimiu o *Relox de príncipes* de Antonio de Guevara en 1529 e logo pasaría por Mondoñedo onde puido estar temporalmente ou de paso nunha rúa identificada xa entón como da Imprenta, antes de asentarse por uns poucos anos en Santiago.

O que é seguro é que Tierry traballou para o cabido mindoniense e que a finais de1534 o bispo Pedro Pacheco lle encargou e pagou bastante diñeiro por imprimir unhas constitucións sinodais e un breviario, traballo que realizou ao longo de 1535. A dúbida está en se a impresión se realizou en Mondoñedo ou en Santiago pois Tierry neste mesmo ano abandonou a casa que lle emprestara o cabido compostelán e instalou o seu obradoiro noutra casa da Rúa Nova santiaguesa.

**Agustín de Paz**

O que si está confirmado é que Agustín de Paz (Burgos, 1490-Compostela, 1558) se estableceu en Mondoñedo entre 1548 e 1554. Chegou, procedente de Zamora, na época do bispo Diego de Soto, e contratou a impresión de quiñentos misais e catrocentos breviarios dos que non se conservan exemplares.

En Mondoñedo e da súa man verán a luz, entre outros títulos, *Horas de Nuestra Señora segun el uso romano: en las cuales se ha añadido muchas y devotas oraciones y las quatro passiones y son ad logum sine require como çaragoçanas*, rematada o 4 de xullo de 1550; *Descripción del Reyno de Galicia* do Licenciado Molina, rematado o 2 de agosto de 1550, e en 1553 *Coloquios satíricos* de Antonio de Torquemada.

Agustín de Paz foi impresor nómade, como case todos naquel entón. De Mondoñedo marchou para Santiago, e de alí a Oviedo, pero acabou preso por débedas e morreu en 1558 nunha cadea en Compostela.

O Licenciado Molina, cóengo maxistral naquel entón, era o corrector de probas de misais e breviarios nomeado polo cabido de Mondoñedo, e en xeral o encargado pola igrexa dos asuntos de impresión.

O seu *Descripción del Reyno de Galicia* rematouse de imprimir por Agustín de Paz o 2 de agosto de 1550 e os *Coloquios satíricos* de Antonio de Torquemada o 25 de outubro de 1553.

Desde 1553 ata 1850 non se coñecen imprentas en Mondoñedo mais a partir desta data, xa ininterrompidamente, mantense constante o olor a tinta nas rúas mindonienses. Os encargos da igrexa e do Seminario, as numerosas cabeceiras de xornais que se foron sucedendo na cidade e nas vilas veciñas, e que se tiraban nas imprentas de Mondoñedo, foron un gran motor deste negocio ao que normalmente se engadían, ademais de impresores, os oficios de editor, libreiro e encadernador.

***Descripción del Reyno de Galizia*, do Licenciado Molina**

*Descripción del Reyno de Galizia y de las cosas notables del con las armas y blasones de los linages...*, saíu da imprenta de Agustín de Paz en Mondoñedo o 2 de agosto de 1550.

Esta obra pioneira e singular entre as que tratan da historia de Galicia débese ao malagueño Bartolomé Sagrario de Molina, o Licenciado Molina, entón cóengo maxistral e corrector de probas de misais e breviarios do cabido.

Reproducimos as palabras de Antonio Rey Soto para Xosé Díaz Jácome, publicadas no artigo «Nos 125 anos da imprenta Suc. de Mancebo», en *La Voz de Galicia*, o 12 de agosto de 1995:

«Vouche amosar un libro que naceu en Mondoñedo, a obra famosa do Licenciado Molina. Quedan poucos exemplares. Se a túa alma non vibra ao tocar istas páxinas, é que non sentes a mensaxe que transmiten, e máis un poeta de Mondoñedo...».

***Colloquios satíricos*, de Antonio de Torquemada**

*Colloquios satíricos con un colloquio pastoril y gracioso al cabo dellos* acabouse de imprimir o 25 de outubro de 1553 en Mondoñedo, na casa de Agustín de Paz.

O autor, Antonio de Torquemada (Astorga, 1507?-1569), foi autor prolífico de obras moi lidas e traducidas. Os Coloquios constan de seis diálogos, intercalados con contos, sobre o xogo, argucias de médicos e boticarios, vida rural e urbana, dos excesos no comer e no vestir, asuntos de honra e, en xeral, problemática social para o que o autor ofrece, aínda que escéptico, algunhas solucións. O sétimo diálogo considérase precedente da novela pastoril.

Neste libro o impresor enxerta un texto xustificando os erros de impresión:

«... no es sólo de las faltas de los compositores por mala expression... lo que, unido á otras debidas á los originales, forman un cúmulo tal, que parece imposible pueda salvarle el corrector en las pruebas».

## A IMPRENTA MINDONIENSE NOS SÉCULOS XIX E XX

Se exceptuamos a de H. Mancebo, hoxe Imp. Suc. de Mancebo, en 1850 instala imprenta en Mondoñedo José Pérez Mon e o seu fillo José Mon, procedentes de Lugo. Sucedéronos en 1857 Manuel Perrote e Pedro María Romero; a estes en 1879 Joaquín Candia e a súa viúva, Cándida Casas, en 1892, quen lle dá continuidade ata 1906 para, tras pasar por varios propietarios, pechar definitivamente en 1907.

Houbo outras moitas imprentas en Mondoñedo. A de Antonio González Redondo e Cía. abre en 1885 e tería varios nomes máis –Redondo, Francisco Alonso y Cía, El Baluarte, Imprenta Católica– ata desaparecer.

A Imprenta La Voz de Mondoñedo mantívose activa entre 1903 e 1909. A de César González-Seco Romero entre 1905 e 1921, ás que hai que engadir a de El Cruzado e logo Acción Social que abriu en 1913, e a Imprenta Popular, da que descoñecemos máis datos. Probablemente houbo algunha máis.

Non foi casual que H. Mancebo recibise diploma e medalla na Exposición Regional de Lugo de 1896 pola impresión do libro *Previsión de Prebendas y Beneficios de la Iglesia de España*, nin que en 1909 a imprenta de César González Seco fose recoñecida na Exposición Rexional de Santiago.

En determinados momentos as imprentas mindonienses acadaron niveis de calidade de primeira orde e aínda seguen sendo, agora coa Imp. Suc. de Mancebo, os «moldeiros» do noso soñar.



Fernando López coa primeira Minerva con motor



Fernando López e Suso Robles



Ángel Rivas, Fernando López e Mauricio Rivas



Centro de Interpretación. Chibalete FOTO DE MANUEL DÍAZ



Fernando López co recoñecemento do Concello de Mondoñedo



Medalla de prata. Exposición Rexional, Lugo, 1896




A Corporación Municipal e a ACIAM homenaxean a Imp. Suc. de Mancebo




Placa ACIAM




Estoxo conmemorativo do 150 aniversario

# OS MANCEBO E A IMPRENTA EN MONDOÑEDO

En 1870 comezou a funcionar en Mondoñedo unha imprenta que ía ter moi longa vida. Hermenexildo Mancebo foi o fundador, ao que sucedeu o seu fillo Edesio a partir de 1887. Ao producirse a morte deste en 1930 e sen que ningún dos fillos quixese facerse cargo, a imprenta pasou por venda a mans do empregado Jesús López Díaz, quen a rexentou desde 1931 ata 1982 baixo a denominación Suc. de Mancebo. A Jesús sucédeo o seu fillo Fernando López González, quen a día de hoxe a mantén en funcionamento co mesmo nome.

Século e medio de historia des que o apelido Mancebo iniciou en 1870, na rúa Batitales (hoxe Lence Santar) con Hermenegildo Mancebo, seguido do seu fillo, Edesio, a partir de 1887, na rúa Progreso, a partir de 1931 con Jesús López Díaz co nome de Suc. de Mancebo, e a través do seu fillo, Fernando, ata a actualidade. Dáse a circunstancia de que a Imprenta Suc. de Mancebo mudou de emprazamento en 2001, regresando á rúa Imprenta, a poucos metros do centro museal e nun lugar próximo, segundo Eduardo Lence Santar, primeiro Cronista oficial de Mondoñedo, a onde debeu estar a primeira imprenta mindoniense no século XVI.

**Hermenegildo Mancebo Vázquez**

Hermenegildo Mancebo Vázquez naceu en Mondoñedo en 1832, fillo de Andrés Mancebo Rey, un militar procedente de Silleda aveciñado en Mondoñedo a partir de 1816, e da mindoniense Antonia Vázquez Pedrosa.

Fundou a Imp. de H. Mancebo en 1870, situada entón no nº 1 da rúa Batitales baixa (hoxe rúa Eduardo Lence Santar), á que dotou das máis modernas máquinas da época. Ademais de impresor dedicouse á fotografía e á música, foi membro da capela de música da Catedral, director da Banda Municipal de Mondoñedo e participou en corais e orfeóns. Fundou o xornal *El Mindoniense* e imprimiu outros moitos xornais, ademais de libros e todo tipo de documentos.

En 1875 casou con Antonia Rey Fernández coa que tivo varios fillos, entre eles o seu sucesor no negocio de imprimir a partir de 1887, Edesio Mancebo Rey.

Hermenegildo Mancebo faleceu en Mondoñedo o 29 de novembro de 1915.

**Medalla de Prata na Exposición Regional de Lugo de 1896**

O traballo presentado por don Hermenegildo Mancebo, encadrado co nº 103 no capítulo Artes Liberais, sección 5ª, foi o libro titulado *Provisión de prebendas y beneficios de las iglesias de España*, Tip. y Encuad. de H. Mancebo, Mondoñedo, cuxa 1.ª edición era de 1894 e a 2.ª de 1896.

Un traballo de tipografía de extraordinaria calidade que foi galardoado coa M. de P. (Medalla de Prata) e o diploma acreditativo correspondente.

Así figura na páxina 25 de *Exposición Regional de Lugo de 1896. Catálogo general de expositores y premios adjudicados, resultado de los juegos florales y certámenes musicales*, Imp. de Juan A. Menéndez, publicado en Lugo en 1897.

O libro premiado contén en 595 páxinas un comentario aos últimos decretos concordados sobre tan importante materia polo doutor D. Manuel Velasco Ulloa, dignidade de Chantre da Santa Igrexa Catedral de Mondoñedo.




Diploma da Exposición Regional de Lugo

**Edesio Mancebo Rey**

Edesio Mancebo Rey naceu en Mondoñedo o 8 de abril de 1861. Desde 1887, cando sucede ao seu pai, Hermenegildo Mancebo, e ata o seu falecemento acontecido o 21 de xaneiro de 1930 dirixiu a Imp. H. Mancebo. Nese longo período, ademais dos traballos de impresión, tamén se dedicou á encadernación e a venda de libros. Destaca o gran número de cabeceiras de prensa que se imprimiron na súa época como impresor, entre elas unha propia, *La Semana*.

Editou a principios do século XX unha popular colección con 10 postais con tema mindoniense e fotos de gran calidade da autoría do fotógrafo local, A. Teijeiro.

Foi músico, membro da capela de música da Catedral e da Banda Municipal. Foi concelleiro e directivo da Sociedad de Obreros Católicos.

Tras a súa morte, os herdeiros venderon a imprenta ao empregado Jesús López Díaz quen, xunto co seu fillo, conservaron como Suc. de Mancebo o apelido dos fundadores ata os nosos días.



Fillos de Edesio Mancebo: José, Conchita e Justo

# SUCESORES DE MANCEBO

**Jesús López Díaz**

Jesús López, Suso de Laredo, naceu nos Muíños de Abaixo en 1900 e faleceu o 12 de febreiro de 1982. Foi neno de coro e frautista na orquestra da Catedral. Tamén tocaba o contrabaixo nas solemnidades e no acompañamento dos enterros chamados 'de a oito'.

Comezou a traballar moi novo con Edesio Mancebo e á morte deste en 1930 mercou a imprenta que pasou a denominarse Imprenta y Papelería Jesús López Díaz (Suc. de Mancebo).

Trasladou a sede a un novo local na rúa Progreso e dirixiu o negocio ata o seu falecemento. Sucedeuno o seu fillo, Fernando López González.

A frauta de madeira que tocaba Jesús López resecábase polo que tiña que humedecela con cuspe. Do remedio e da súa consecuencia tirou A. Cunqueiro esta observación:

«El más extraño, casi mágico, flautista del mundo. Sopla, naturalmente, en el agujero de la parte superior de la flauta, pero suelta gotas de saliva por la parte inferior en lenta lluvia».



Jesús López Díaz e Fernando López González

**Fernando López González**

Naceu nos Muíños de Arriba, Mondoñedo en 1937. Comezou a traballar na Imprenta Suc. de Mancebo co seu pai cando andaba entre os 8 e os 10 anos con aquelas máquinas que ían a pedal e manivela, logo a motor, ás que foi incorporando paseniño os adiantos técnicos precisos ata o offset e o dixital actual.



Fernando López González

É o principal impulsor do Centro de Interpretación 'Imprenta Mondoñedo. Jesús López Díaz (Suc. de Mancebo)' inaugurado na Casa dos Cóengos en setembro de 2019.

A súa memoria extrae da maleta das lembranzas, adobadas cun anecdotario suculento, a experiencia dos traballos e os días compartidos con operarios e compañeiros de oficio, e tamén con personaxes e amigos da talla intelectual de Álvaro Cunqueiro, D. Gamallo Fierros ou o seu primo, o xornalista, poeta e Cronista oficial de Mondoñedo, Xosé Díaz Jácome.

**Imp. Suc. de Mancebo na actualidade**

Velaí dous nomes moldeados en letras de ouro para a historia da imprenta universal: Mancebo e Mondoñedo, pois o apelido Mancebo continúa vencellado ao oficio de imprimir en Mondoñedo. Unha perseverante angueira de bo facer que xa supera os 150 anos.

Grazas aos Mancebo e aos seus sucesores, o olor da tinta que debuxa sobre o papel as ideas e creacións humanas segue saudando cada mañá a mesma rúa onde se comezou a imprimir en Mondoñedo hai máis de cinco séculos. A rúa da Imprenta, no antigo «pumar de canonica» que viu nacer a principios do século XIII o Mondoñedo urbano e onde permanece Imp. Suc. de Mancebo, xa cheirou no século XVI as primeiras tintas que estamparon os Gutemberg mindonienses.

Hoxe, grazas a Fernando López González, Josefa Cruz Sánchez, Reme López Cruz e Jesús Robles López, as persoas que alentan con paixón e intelecto á Imp. Suc. de Mancebo, Mondoñedo segue sendo un referente nesta arte da tipografía que axuda aos seres humanos a sermos máis sabios e máis libres.




Plantilla da Imp. Suc. de Mancebo FOTO DE MANUEL DÍAZ

## XORNAIS IMPRESOS EN MANCEBO
### (H. Mancebo, Edesio Mancebo e Suc. de Mancebo)

Desde 1870 ata 2020 desde H. Mancebo a Suc. de Mancebo imprimíronse nas diferentes sedes máis de 40 cabeceiras de prensa de Asturias, A Mariña e a Terra Chá de Lugo, ademais de outras moitas, a maioría, mindonienses.

O primeiro foi *El Hermandino* entre 1882 e 1886. As décadas máis produtivas foron as tres primeiras do s. XX. Neste período saíron dos talleres de Mancebo case 30 cabeceiras de ideoloxías e temáticas dispares, a maioría en castelán. Algunhas como *La Voz de Mondoñedo* que nas súas tres etapas, con E. Mancebo e J. López Díaz como directores, durou trece anos.

En galego imprimíronse *A Tía Culasa* (1914), mensuario satírico, *A Xusticia* (1917-1921), algúns números de *Papel de Color*, publicación poética dirixida por Álvaro Cunqueiro (1933-1935), e *Mondoñedo na Memoria* (2020). En 2021 tirouse o último número, por agora, de *Mondoñedo*, a publicación máis lonxeva da historia da prensa mindoniense.

Esta relación de cabeceiras, á forza incompleta, irase ampliando segundo se vaian coñecendo novos datos.

**H. Mancebo (1870-1887)**
**1882:** *El Hermandino* (Mondoñedo, 1882-1886); *El Eco Mindoniense* (Mondoñedo, 1882-1885)
**1885:** *El Eco* (Mondoñedo, 1885-1886). Continuador de *El Eco Mindoniense*.
**1886:** *El Farol* (Viveiro, 1886)

**Edesio Mancebo (1870-1931)**
**1887:** *El Semanario Católico* (Mondoñedo, 1887-1888).
**1888:** *El Mindoniense* (Mondoñedo, 1888-1889).
**1903:** *La Voz de Mondoñedo* (1.ª etapa) (Mondoñedo, 1903-1919).
**1904:** *Heraldo de Prisiones* (Mondoñedo, 1904-1905), *De todo un poco* (Mondoñedo, 1904-1906).
**1906:** *La Defensa* (Mondoñedo, 1906-1909).
**1908:** *El Eco de Villalba* (Vilalba, 1908-1915).
**1909:** *La Semana* (Mondoñedo, 1909). Director-propietario Edesio Mancebo. Sucesor de *La Defensa*.
**1910:** *El Pensamiento Católico* (Mondoñedo, 1910-1912).
**1912:** *El Cruzado* (Mondoñedo, 1912-1917). Editouse en Mancebo e despois na imprenta de Enrique Costas Márquez.
**1914:** *Ribadense* (Ribadeo, 1914), *A Tía Culasa* (Vilalba, xuño de 1914, en galego).
**1916:** *Bandera Católica* (Ribadeo, 1911/1916). Tamén se imprimiu na Imprenta de César González-Seco), *La Democracia* (Vegadeo, 1916-1919), *Brisas del Eo* (Vegadeo, 1916-1920), *Heraldo de Villalba* (Vilalba, 1916-1931).
**1918:** *Aurora* (revista literaria, Vilalba, 1918-1920), *La Defensa* (Viveiro, 1918-1923).
**1919:** *La Voz de Mondoñedo* (2.ª etapa) (Mondoñedo, 1919-1925. Propietario/director Edesio Mancebo, *Luarca* (Luarca, 1919).
**1921:** *A Xusticia* (Vilalba, 1917-1921), *Río Navia* (Navia, 1913-1936), *Justicia* (Mondoñedo, 1921-1922).
**1922:** *El Progreso Villalbés* (Vilalba, 1922-1932).
**1926:** *Ecos Vegadenses* (Vegadeo, 1924-1938. Imprimiuse en Mancebo a partir de 1926).
**1930:** *Galicia Social Agraria* (Mondoñedo, 1930-1936).

**Jesús López Díaz- Suc. de Mancebo (1931-1982)**
**1931:** *Boletín Socialista* (Mondoñedo, 1931), *La Democracia* (Luarca, 1931- ...).
**1933:** *Papel de color* (Mondoñedo, 1933-1936). Editorial Un. Publicación poética da que se editaron cinco números. Por informacións de F. Fernández del Riego e de Fernando López sábese que algúns números como «Primeiras cantigas de amor» de Xosé Díaz Jácome se imprentaron en Suc. Mancebo; *Galiza* (Mondoñedo, 1933). Dirixido por Álvaro Cunqueiro.
**1936:** *La Voz de Mondoñedo* (3.ª etapa) (Mondoñedo, 1936). Propietario/director Jesús López Díaz.
**1941:** *As San Lucas* (Mondoñedo, 1941, 1942 e 1952). Monográfico dedicado ás festas dirixido por E. Lence.
**1945:** *Juventud de Alaje* (O Valadouro, 1945-1946).
**1955:** *Periodismo Escolar* (Mondoñedo, 1955).
**1956:** *Pregón Mindoniense* (Mondoñedo, 1956), *El Eco* (Muras).

**Fernando López González- Suc. de Mancebo (a partir de 1982)**
**1998:** *As San Lucas* (Mondoñedo, 1998).
**2016:** *Mondoñedo é poesía* (Mondoñedo. 3 números desde 2015 a 2017). Editado pola Asociación As San Lucas.
**2020:** *Mondoñedo na memoria* (Mondoñedo). Editor: Antonio Reigosa. Publicáronse tres números monográficos: *Centenario de 'Mondoñedo y Distritos'* (2020); *Cándido Carreiras Domenech. No 75º aniversario do seu pasamento e 1870-2020. De H. Mancebo a Suc. de Mancebo* (2022).
**2021:** *Mondoñedo* (Mondoñedo). Editado pola Asociación Amigos Cidade de Mondoñedo (en Imp. Suc. de Mancebo desde febreiro de 2021).

## CENTRO DE INTERPRETACIÓN 'IMPRENTA MONDOÑEDO. JESÚS LÓPEZ DÍAZ (SUC. DE MANCEBO)'

Nos arredor de 500 anos de historia da imprenta en Mondoñedo, anotamos en letras de molde unha data capital; o 16 de setembro de 2019, luns dos Remedios, inaugurouse na Casa dos Cóengos (entre a Catedral e o Seminario, a carón da casa natal de Pascual Veiga) o Centro de Interpretación 'Imprenta Mondoñedo. Jesús López Díaz (Suc. De Mancebo)'.

Foi un día singular por moitos motivos pero sobre todo porque Fernando López González, propietario da única imprenta en activo, teimudo promotor deste proxecto desde hai máis de 40 anos, viu cumprido un soño. Unha arela que constitúe a véspera ideal para celebrar o 150 aniversario dos comezos da Imprenta Mancebo en Mondoñedo.

Da longa e frutífera historia da imprenta en Mondoñedo conta este museo con abondosa información gráfica e textual: paneis con fotografías, selos, cabeceiras de xornais, carteis, programas de festas... un amplo abano de mostras do traballo desenvolto grazas a este invento revolucionario que democratizou definitivamente o coñecemento.

Porén, as estrelas do Centro de Interpretación son catro máquinas xa en desuso pero que representan un testemuño fidedigno da evolución técnica deste oficio desde mediados do século XIX e, de paso, da historia da imprenta apelidada Mancebo.

Unha máquina plana H. Jullien fabricada en Bélxica en 1872, unha Minerva Hispania semiautomática, que xa fixera bos oficios en Gráficas Bao de Lugo, e unha guillotina manual que mercara no seu día Edesio Mancebo, cedidas as tres por Fernando López González; e unha linotipia cedida por Gráficas Lucenses. Tamén vai dar que falar un moble chamado chibalete que conta con varias gabetas contendo unha ampla mostra das tipografías históricas da imprenta mindoniense.

Amais do empeño xeneroso e fundamental de Fernando López González e o altruísmo inabarcable de Alicia Tella-Villamarín (falecida uns días antes da inguraciòin), este centro puido abrir as portas grazas a unha combinación de vontades que axudaron a financiar a rehabilitación do edificio e a musealizar os fondos por parte da Xunta de Galicia, a cesión do Cabido ao Concello por 25 anos da planta baixa da Casa dos Cóengos e a aposta municipal, sendo alcaldesa Elena Candia, por destapar as esencias da historia e da cultura locais.

**A máquina H. Jullien de 1872**

Daquel primeiro taller dos Mancebo establecido na rúa Batitales (hoxe Lence Santar) consérvase no Centro de Interpretación Imprenta Mondoñedo. Jesús López Díaz (Suc. de Mancebo) unha máquina plana, marca H. Jullien, fabricada en Bruxelas en 1872. Tras a que se considera primeira máquina adquirida en Alemaña, unha con tinteiro automático da marca Carlos Blors, esta H. Jullien plana sería seguramente a seguinte adquisición xa que ao ser de formato grande (45 × 64) permitía imprimir os tabloides da época.

Étabüssements H. Jullien fundouse en Bruxelas en 1862 polo enxeñeiro Henri Jullien. Esta empresa, na vangarda tecnolóxica da época, estaba especializada en material mecánico para tipografía, litografía, encadernación, cartón e papel e foi recoñecida en 1881 coa Medalla de Ouro da Académie Nationale de Paris.

## 'DE H. MANCEBO A SUC. DE MANCEBO (1870-2020). 150 ANOS IMPRIMINDO EN MONDOÑEDO'

**Domingo, 16 de outubro, ás 12.00h**
**Auditorio Municipal Pascual Veiga. Entrada libre**

Aínda que con retraso por mor da pandemia, por fin, coincidindo coas Feiras e Festas das San Lucas 2022, celebramos como se merece este século e medio de historia da Imprenta Mancebo e Suc. de Mancebo en Mondoñedo.

PROGRAMA DE ACTOS

- Saúdo de Manuel Otero Legide, alcalde de Mondoñedo.
- Antonio Reigosa Carreiras, cronista oficial de Mondoñedo: «Historia da Imprenta en Mondoñedo. Os Mancebo e Suc. de Mancebo».
- Fernando López González, propietario de Imp. Suc. de Mancebo: «As miñas memorias como impresor».
- Faladoiro: «Nostalxia das vellas imprentas da provincia de Lugo».
  Interveñen: Pablo Pérez (Publilar), Juan Carlos Neira Brochs (Gráficas Neira Brochs, Viveiro), Ana Chao Crecente (Gráficas Lucenses, Lugo), Carlos Zoilo (Artes Gráficas Junor, Vilalba), Fernando López González e Suso Robles (Suc. de Mancebo).
  Modera: Antonio Reigosa.
- Presentación do nº 3 de *Mondoñedo na Memoria*, monográfico dedicado aos 150 anos de H. Mancebo e Suc. de Mancebo imprimindo en Mondoñedo. Entrega de agasallos aos asistentes.
- Ofrenda floral aos devanceiros Mancebo e Suc. de Mancebo falecidos



Centro de Interpretación FOTO DE MANUEL DÍAZ

Imprime: **IMP. SUC. DE MANCEBO**

Colabora: **Concello de Mondoñedo**